Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 168. Xaneiro 2020. Distribución gratuíta

Laia Zapateiros dá o primeiro premio da campaña de Nadal de Asetem-CCA

Rematou a campaña de Nadal e con ela chegou o sorteo dos premios; 6.000 euros que xa buscan dono despois de que ningún afortunado nin afortunada estivese entre os presentes na gala celebrada na Casa da Cultura. Eva Iglesias, imaxe de Asetem-CCA foi a encargada de conducir a gala, na que tamén actuou, e onde tamén tivo lugar un recital de poesía. Os gañadores teñen agora ata o 31 de xaneiro ás 13.00 horas para presentar o boleto premiado nas oficinas de Asetem. P3

O Mercamelide de inverno será os días 8 e 9 de febreiro

Será no Pazo de Exposicións e Congresos da vila. Os interesados en participar, sexan socios ou non de Asetem, teñen ata o 24 de xaneiro para inscribirse. P5

Expediente sancionador polas verteduras ao Furelos

A Xunta decidiu abrir un expediente sancionador ao Concello de Melide e a unha empresa de transporte de gando local por un novo vertido ao río Furelos. P9

MELIDE
Máis de 637.000 euros en facturas pendentes de pago a provedores P10

MELIDE
Critican a figura do "xefe de gabinete" do goberno bipartito P11

COMARCA
Santiso e Toques aproban os orzamentos para 2020 Pxs. 12 e 14

ENTREVISTA

Tania Arias, *Dietista - Nutricionista,* e **Nuria Carreira,** *Meixela* **P23**

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Moratoria para os xurros

Agora si, agora non, de novo si, ao final non... esa é a incerteza na que se manteñen os gandeiros galegos ante a normativa sobre xurros que previsiblemente ía entrar en vigor o pasado 1 de xaneiro na comunidade galega. Non obstante, unha vez máis a Xunta de Galicia decidiu prorrogar o uso do método de prato ou abanico para esparexer os xurros.

A normativa en Galicia afecta só aos gandeiros e agricultores que perciben as axudas da PAC (curioso, debe ser que só contaminan os que reciben dita axuda), pero que a Xunta decidise prorrogar a súa entrada en vigor por terceira vez non tranquilizou na súa totalidade aos afectados.

E é que a norma, nunha comunidade como Galicia, semella cando menos complicada de aplicar, pois tan só a inversión media para adaptarse a esta lei roldaría os 16.000 euros; unha cantidade bastante elevada para as pequenas explotacións aínda que reciban axudas da PAC.

Está máis que claro que un gandeiro con cinco vacas non vai a ter as mesmas posibilidades que outro con decenas de reses para facerse coa maquinaria axeitada á que obriga a normativa. A que pode levar iso? Pois seguramente ao peche de máis explotacións e, sobre todo, das máis pequenas.

Ademais, hai que ter en conta que tradicionalmente no campo galego a distribución dos xurros fíxose mediante o sistema de abanico polo que son moi poucos os que dispoñen dun método alternativo como é o da inxección. Por non falar das peculiaridades do agro galego onde o uso de xurros como fertilizantes esparexidos é unha das mellores opcións para o seu aproveitamento e para o abono da terra.

Tal e como apuntou no seu día a propia Consellería do Medio Rural "tendo en conta o anterior, o importante número de gandeiros e agricultores afectados e a escasa oferta e capacidade de subministro da maquinaria precisa, o impacto desta aplicación inmediata e xeneralizada na comunidade, adquirindo novas máquinas ou adaptando a práctica totalidade das existentes, non podería ser asumido polo sector".

Ante isto que queda? De momento unha nova moratoria que vai xa polo seu terceiro ano consecutivo e que previsiblemente tamén se estenderá ao 2021. Veremos que pasa finalmente para dar cumprimento ao decreto aprobado xa a finais de 2017 durante o mandato de Mariano Rajoy co obxectivo de cumprir coas peticións de Bruxelas, e mentres agardemos que non cheguen por sorpresa ningún tipo de sancións.

Tribuna de opinión

Novo ano, novo atraco

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

(Foto: Audasa)



Era máis que previsible pois sempre perdemos os mesmos: novo ano, novo atraco. Falamos das peaxes da AP-9 que pasan a encarecerse un 2,6% máis que no resto do país. E entre os usuarios máis prexudicados, como non, os autónomos.

Facer a viaxe entre Ferrol e Tui custa a día de hoxe máis de 21 euros grazas ao maior incremento de tarifas de toda a rede de autopistas do Estado por terceiro ano consecutivo; unha cifra inaccesible para os traballadores autónomos, e para moitos outros usuarios.

O máis incomprensible é como se puido dar continuidade a unha concesión e as súas peaxes ata o ano 2048 cando esta remataba en 2023.

E máis incomprensible é que teñan que ser os usuarios desta vía, sexan traballadores autónomos ou non, os únicos que asuman o custo das obras de ampliación da ponte de Rande, da circunvalación dos accesos á capital galega ou das continuas reparacións que a AP-9 precisa. Todo sen esquecer que os beneficios de Audasa na nosa comunidade mantéñense nos 40 millóns de euros ao ano.

Con isto, o único que estamos a facer é sanear as contas dunha empresa privada co noso propio peto cando debería ser a Administración, Xunta e Estado, a que se encargase de asumir tanto o custo das obras como de buscar medidas que rebaixasen tarifas inalcanzables para os usuarios.

Agardemos que ante o novo panorama político se dean tanta présa en aliviar as peaxes galegas como se deron en inaugurar a ampliación da ponte de Rande coas obras aínda sen rematar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Alumnado do IES Melide,
Emma Sanmartín, Xavier Pazo Blanco
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....9
- COMARCA.....12
- CULTURA E LECER 18
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Punto e final á XXI Campaña de Nadal co reparto de 6.000 euros que buscan dono

Como imaxe de Asetem-CCA que é, a televisiva Eva Iglesias foi a encargada de conducir a gala do sorteo de Nadal que organizou a asociación de empresarios en colaboración co Concello de Melide o pasado venres 10 de xaneiro; o broche final á campaña de Nadal na Casa da Cultura da vila e á que asistiron centos de persoas e na que tamén houbo oco para a poesía a cargo de Ana Vila Portomeñe e Mª Luisa Pereiro.

Un ano máis repartíronse 6.000 euros en premios que irán destinados a investir de novo no comercio local. Como vén sendo habitual, ningún dos premiados estaba entre o público, polo que os sete afortunados ou afortunadas terán agora ata o 31 de xaneiro ás 13.00 horas para presentar o boleto premiado nas oficinas de Asetem. No caso de que non aparecesen os gañadores aínda queda probar sorte cos números de reserva.

Unha vez rematado o prazo, os afortunados serán convocados a un acto no que recibirán o premio de mans do titular do establecemento no que lles tocou o premio. Os números premiados poden consultarse na páxina 17 deste xornal, así como nas distintas redes sociais de Asetem e na páxina web.

Quen loxicamente si estaba entre o público foi a afortunada que recibiu o premio de 200 euros sorteado entre os asistentes, e que un ano máis saíu á primeira. Trátase da veciña de Melide María Jesús Garea Penas, que recolleu o premio de mans do presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e dos concelleiros Xosé Igrexas e Carmen Liñeira.

Librería Cousas, sinónimo de fortuna

Un ano máis, e xa perdemos a conta, Librería Cousas mantense como un referente á hora de entregar premios, e é que se nesta vixésimo primeira edición da campaña de Nadal entregou un premio de 1.000 euros, na anterior repartiu o primeiro premio dotado con 2.000 euros. E non só iso pois se acudimos á hemeroteca vemos que na edición de 2017 entregou dous premios de 1.000 euros cada un; ao igual que no ano 2016 con dous premios tamén de 1.000 euros cada un, e un reserva (o maior de todos: 2.000 euros). Ademais, no sorteo do ano 2015 repartiu 6 dos 22 premios en xogo naquel entón, e se nos remontamos aínda máis atrás, no ano 2013 entregou o primeiro premio e no ano 2012 o primeiro e o segundo.

Como curiosidade hai que salientar que as tres xoierías asociadas a Asetem-CCA entregaron algún premio.

Vixésimo primeira edición: 78 comercios e 67.000 rifas

En canto ao balance da XXI Campaña de Nadal, dende Asetem confirmaron "un balance semellante ao de anos anteriores, aínda que se repartiran preto de 300 ou 400 rifas menos e finalmente foran 78 os comercios participantes".

Segundo palabras de Pilar López, xerente de Asetem-CCA, "si é certo que aínda que a vendas se mantiveron na liña do ano pasado non poden compararse co que acontecía anos atrás, cando eran moito máis elevadas".

María Jesús Garea recollendo o premio de 200 euros de mans de Eva Iglesias, o presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e os concelleiros Xosé Igrexas e Carmen Liñeira, nunha Casa da Cultura ateigada de público

Este mes de xaneiro Carnicería Cardelle cumpre o seu 5º aniversario con Adela Varela ao fronte, e para agradecer a confianza dos nosos clientes nada mellor que unha gran oferta!

Agulla de tenreira a 5,50 € o kg

Todo o mes de xaneiro!

Carnicería Cardelle, R/Florentino L. Cuevillas - Melide · Tlfn.: 981 50 54 37

CARNICERIA CARDELLE

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel

N.R.S. (0177-GAL-SPO)

Analíticas alimenticias | Laboratorio

Legionela | Control de plagas

Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

Ibermutua: máis de 25 anos de colaboración

Manuel Vázquez García (no centro da imaxe), presidente de Asetem Centro Comercial Aberto, recolleu nun acto celebrado en A Coruña o recoñecemento de Ibermutua Gallega á Asociación de Empresarios Terra de Melide polos seus máis de 25 anos de colaboración con dita Mutua. No acto, que tivo lugar o pasado mes de decembro, o presidente da patronal recibiu un diploma e un distintivo de recoñecemento, o cal agradeceu e cualificou como "unha gratificante homenaxe a tantos anos de traballo conxunto". Ibermutua é unha Mutua colaboradora coa Seguridade Social de ámbito nacional que iniciou a súa xestión en 1926.

Entregan os premios do pasado Mercamelide

A sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide acolleu a entrega de premios por parte de Seguros Santa Lucía aos afortunados do último Mercamelide, celebrado o pasado mes de agosto. Rocío Llagas Rodríguez (esquerda), e Carmen Fajín Recarey (dereita), recolleron cadansúa tarxeta regalo por valor de 50 euros de mans de Miguel Silva. Tamén resultou premiado José Amboage Val, que non puido acudir á recollida o mesmo día. As afortunadas e afortunado poden gastar a súa tarxeta en diferentes compras e en calquera establecemento estea ou non asociado a Asetem-CCA.

Arranca o casting para o II Cámbiame en Melide

Asetem-Centro Comercial Aberto pon en marcha a segunda edición de Cámbiame en Melide que nesta ocasión comprenderá un período de tempo máis longo. Segundo explicou a xerente, Pilar López, "despois de rematar coa campaña de Nadal e realizada xa a gala, neste mes de xaneiro lanzamos un casting para comezar coa busca de participantes; trátase de repetir a experiencia do ano pasado pero de forma aínda máis radical –dixo–, para iso, o proceso durará ata o próximo mes de xuño, para que o cambio sexa realmente efectivo", engadiu. Nesta segunda edición de Cámbiame en Melide poden participar de novo tanto homes como mulleres sexan de Melide, da comarca ou de fóra da mesma. O único requisito é ser maior de idade. As persoas interesadas en participar poden anotarse por correo electrónico (info@asetem.com), ou chamando por teléfono ao número 638 91 80 08.

Gastronomía e televisión, da man en Melide

TELEVISIÓN DE GALICIA

COME A COMARCA

COLABORA CONCELLO DE MELIDE

CHEGA A TERRA DE MELIDE

A praza do Convento de Melide foi o escenario escollido para a gravación do programa "Come a Comarca", unha produción de Voz Audiovisual para a Televisión de Galicia na que participaron diferentes establecementos de Melide, algúns deles asociados a Asetem. O programa percorre as diferentes comarcas galegas nas que cinco concursantes compiten con cinco cociñeiros da zona na elaboración de tres pratos típicos de cada lugar (primeiro prato, segundo e sobremesa). A proba final consiste nun "duelo" ao aire libre entre os cociñeiros afeccionados e os cociñeiros profesionais de cada comarca. Foi precisamente esta proba final a que se gravou na praza do Convento de Melide, e na que un xurado composto por 15 persoas se encargou de valorar os pratos descoñecendo a quen pertencían. A emisión do programa, aínda pendente, agárdase para os vindeiros meses.

casa alongos

"COCIÑA con CORAZÓN"

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 · Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

Á parte da carta habitual temos:

- Cocido TODOS OS DOMINGOS
- Pratos especiais TODOS OS DÍAS

- Tamén admitimos reservas
- Presupostos para grupos
- Configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Aberto o prazo ata o 24 de xaneiro para participar no Mercamelide de inverno, que será o 8 e 9 de febreiro

Reunión mantida no Concello para tratar os detalles do Mercamelide

Trala reunión mantida entre empresarios e Concello de Melide, a feira de oportunidades Mercamelide xa ten data de celebración para a súa edición de inverno. Será a fin de semana do 8 e 9 de febreiro no Pazo de Congresos e Exposicións de Melide.

O horario será de 11.00 a 20.00 horas de xeito ininterrompido ambos días e haberá, tamén durante as dúas xornadas, animación infantil tanto polas mañás como polas tardes. Mentres os maiores realizan as súas compras os máis pequenos poderán gozar así con diferentes xogos, talleres, contacontos, etc.

Na feira de oportunidades Mercamelide poden participar tanto establecementos asociados como non asociados, aínda que iso si, os socios de Asetem non pagan cota de inscrición. Para as empresas e comercios non socios a cota é de 30 euros.

Todos os interesados en participar teñen de prazo ata o 24 de xaneiro para apuntarse acudindo ás oficinas da asociación de empresarios. Pilar López, xerente de Asetem-CCA, estima que a cifra de participantes roldará os "19-20 establecementos, que é o que houbo nas últimas edicións do Mercamelide de inverno, e que ademais é o que adoita funcionar mellor".

Entre os sectores que acostuman a concorrer a esta cita atópanse os do fogar, moble, roupa, perfumería e complementos, novas tecnoloxías, beleza, alimentación e mesmo seguros; e entre os descontos que ofertan, artigos rebaixados ata o 70% do seu prezo nalgúns dos casos.

"Dende a asociación de empresarios tamén nos gustaría que outros sectores se animasen a participar, como por exemplo o da repostaría ou o do automóbil –explica Pilar López–, pois non se trata dunha feira só para o comercio, senón tamén de exposición de produtos e de promoción de negocios".

Por outra banda, entre as novidades deste ano atópase a celebración dunha sesión vermú a partir das 12.30 horas o domingo día 9 "para animar o ambiente e tamén por suposto á xente a mercar".

A feira de oportunidades Mercamelide está organizada polo Concello de Melide e Asetem - Centro Comercial Aberto.

Asetem - CCA forma parte da comisión do viveiro de empresas

Grazas a un convenio que mantén a Cámara de Comercio co Concello de Melide, o edificio multiusos da vila ofrece distintos espazos para empresas interesadas en instalarse que estean comezando a desenvolver os seus proxectos; ou o que é o mesmo, un viveiro de empresas. Ante a posibilidade de que nun futuro máis empresas demanden este servizo e os locais non sexan suficientes creouse unha comisión de actuación da que a Asociación de Empresarios Terra de Melide, co seu presidente Manuel Vázquez García ao fronte, forma parte.

Constituída a comisión, dende a patronal agardan que "máis empresas se animen a emprender e, polo tanto, poidan beneficiarse das vantaxes que ofrece o viveiro de empresas da vila", dixo Manuel Vázquez.

POR SER DE XUSTIZA

A proba biolóxica de paternidade

Eva Novás
Avogada

Para a determinación da filiación paterna a realización de probas biolóxicas é un recurso rápido, accesible e practicamente infalible. Cando se reclama xudicialmente a filiación paterna non matrimonial, ademais de aportar unha serie de indicios que acrediten a relación sentimental dos proxenitores na época da concepción, tamén se require a realización da proba por parte do demandado ó que se lle atribúe a paternidade. E cando se trata dunha paternidade non desexada tamén é moi frecuente a negativa a someterse á proba biolóxica ou ben intentar retrasala e obstaculizala todos o posible, para que así tamén se retrasen as obrigas de ser pai. Nos últimos tempos foron sonados os casos de recoñecidos actores, cantantes e incluso membros da monarquía que tiveron que enfrontarse a demandas de paternidade con diferentes resultados: a atribución da paternidade na súa maioría e o arquivo da demanda neste último suposto.

Sobre esta negativa destaca a sentenza do Tribunal Supremo de xullo de 2017, que considera que o feito de negarse de maneira inxustificada a someterse á proba de paternidade é en si mesmo un indicio moi cualificado de que existe esa paternidade que se nega.

O simple feito de negarse a realizar a proba non pode levar a que ó demandado se lle atribúa de forma automática a paternidade que se discute. Pero esta negación si é un forte indicio dela se vai unido a outros, aínda estes sexan máis débiles. No caso concreto desta sentenza, os proxenitores tiveran unha relación sentimental moi breve e esporádica. A nai demandante non dispoñía de fotografías ou outros datos que acreditasen unha convivencia ou unha relación de carácter máis estable co demandado polo que empregou o feito de que ambos ían ó mesmo ximnasio, o que apoiou con algúns testemuños. Basta por tanto con acreditar unha simple relación de coñecemento da que poida deducirse a posibilidade de procreación.

Se estes indicios se dan, aínda que non sexan sólidos, é cando á negativa a someterse ás probas se lle pode atribuír o carácter dunha confesión da paternidade que se reclama. Pois enténdese que se existen unhas mínimas probabilidades ou indicios, pedir que se realice a proba biolóxica non é algo abusivo nin inxustificado nin causa prexuízo algún. En cambio, a negativa inxustificada enténdese como negativa a colaborar cos tribunais de xustiza en procedementos que son de interese públicos, como son os de filiación, nos que prima o dereito do fillo a coñecer a realidade biolóxica, sen que se poidan deixar indefensos os seus dereitos pola mera vontade dunha parte.

A nosa Constitución recolle como principio a protección integral dos fillos e a súa igualdade ante a lei con independencia da súa filiación, así como a protección das nais, sendo indiferente o seu estado civil. Tamén proclama que a lei posibilitará a investigación da paternidade.

Por tanto, non pode permitirse que prevaleza a conduta de quen obstaculiza sen razón xustificada a determinación da verdade tendo ó seu alcance a posibilidade de facilitar á outra parte e ó tribunal a solución do litixio. Tampouco pode facerse recaer toda a carga de probar sobre quen demanda cando existen alomenos indicios que fan razoable a práctica da proba médica. Doutro xeito, bastaría unha negativa para impedir que se coñeza a verdade, se impida a declaración da paternidade e, así, poder incumprir tanto as funcións como as obrigas paternofiliais que conleva.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Teléfono: 662 30 26 18

Mecánica Vulcano, un novo taller en Melide

Situado no polígono industrial, entre os seus servizos destaca a reparación de automóbiles e camións

Ana Soto e Celestino Penas son socios dende hai moitos anos. Trala posta en marcha de varios negocios –primeiro Ferrallas Vulcano no ano 2002 e despois Recambios Vulcano en 2013–, decidiron apostar por un novo proxecto que cumprirá este mes de xaneiro o seu primeiro ano coas portas abertas. Trátase do taller Mecánica Vulcano, situado no parque empresarial da Madanela, en Melide. Tres liñas de negocio que na actualidade empregan a unha vintena de persoas.

"Decidimos abrir o taller e apostar por este novo negocio a raíz de ter tamén unha tenda de recambios –sinala Ana–, alí temos todo tipo de pezas e recambios necesarios tanto para o sector agrícola como o de automóbil e de camión, así que vimos nisto unha gran oportunidade para darlle saída aos nosos propios produtos", engade.

A súa aposta por este novo proxecto persegue o obxectivo de complementar así o negocio dos recambios, "e para iso nada mellor que poñer en marcha un taller mecánico".

Servizos

"En Mecánica Vulcano reparamos todo tipo de vehículos: automóbiles, tractores, camións e logo no taller tamén arranxamos maquinaria en xeral", especifica Ana. Máis en concreto, os traballos que realizan no taller abranguen o ámbito da mecánica "asumindo funcións de diagnose e reparación de avarías mecánicas tanto de motores como de sistemas dos vehículos (sistema de freos, sistema de amortiguación, transmisión, etc); diagnose e reparación de avarías de instalacións accesorias nos vehículos tales como sistemas pneumáticos, hidráulicos, etc; mantementos periódicos de vehículos; e reparación, mantemento e cambio de pneumáticos.

Do mesmo xeito, "tamén atendemos posibles urxencias que poidan xurdir nun determinado momento e lugar"; é dicir, ofrecen o servizo de desprazamento para avarías ou reparacións en vehículos como poden ser un turismo, un tractor ou un camión, tanto na zona de Melide como na comarca e fóra da comarca.

Para facer isto e co obxectivo de prestar o mellor servizo "no noso taller –apunta Ana– contamos con maquinaria de última tecnoloxía como pode ser a máquina de autodiagnose, tamén maquinaria para o cambio de rodas, prensa hidráulica, grúas de elevación e gato hidráulico sobre rodas, sen esquecer que o feito de ter unha tenda de recambios ofrece unha garantía total de conseguir a peza que necesitemos; sabemos que vai haber repostos e que ademais serán repostos de calidade ao mellor prezo porque traballamos coas mellores marcas".

Pensando en se algunha vez un vehículo non tivo reparación ou solución, dende Mecánica Vulcano aseguran que "sempre hai solución, tardaremos máis ou menos, pero sempre hai solución. Iso si, para facelo, e sobre todo hoxe en día tal e como veñen preparados os coches, que na súa meirande parte todo é electrónico, necesitamos dispoñer dunha moi boa tecnoloxía, da maquinaria axeitada e uns profesionais cualificados como os que temos, capaces de desenvolver o seu traballo ofrecendo o mellor servizo".

No primeiro ano de traballo que levan ás súas costas, Ana non lembra a cantidade exacta de vehículos que xa repararon, pero si o feito de estar en "continuo crecemento e agardando chegar a máis xente", di, "porque aínda hai moitas persoas que descoñecen que abrimos un taller".

E de entre esa cifra de vehículos que non lembra con exactitude, Ana si destaca que o máis habitual é reparar turismos e camións, ao mesmo tempo que a avaría ou reparación máis común que adoitan facer é sobre todo "a posta a punto do vehículo ben sexa para pasar unha ITV ou para comezar un longo traxecto; o que vén sendo o seu mantemento".

Máis reparacións e menos vehículos novos

Dispoñer dunha opción máis para reparar vehículos en Melide é unha boa nova se temos en conta que nos tempos actuais son moitos os que prefiren arranxar o seu medio de transporte –ou de traballo– antes que aventurarse a mercar un novo. Así o percibe polo menos Ana Soto, que ve que "a xente prefire arranxar os seus vehículos antes que meterse a comprar un novo, sobre todo polo momento que estamos a vivir, que non sabes ao mellor moi ben por onde tirar, se un vehículo a gasóleo, gasolina, eléctrico..., prefiren ir arranxándose cos coches que xa teñen antes de investir nun novo".

"A isto hai que engadir –sinala–, que de momento non estamos nin preparados, nin mentalizados para pasarnos aos vehículos eléctricos, xa que son bastante custosos e tampouco existen os puntos de recarga necesarios", conclúe.

Ana Soto e Celestino Penas no taller de Mecánica Vulcano no parque empresarial da localidade

Mecánica Vulcano

Polígono industrial da Madanela – Parcela 22
15800 Melide (A Coruña)
Teléfono: 654 449 732 /e-mail: vulcanomecanica@gmail.com

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

“Unha flor transmite cariño, amor e moitas veces tamén transmite perdón”

O seu nome completo é María de los Ángeles Cabado Rodríguez, pero todo o mundo a coñece como Maru. Precisamente ese é o nome do seu negocio, Floristería Maru, que recentemente cumpriu o 25 aniversario. Foi un 9 de decembro cando abriu as súas portas e para celebralo nada mellor que “seguir traballando e seguir avanzando”. Recoñece María Ángeles que “pese a que cambiaron moitas cousas aínda sobrevive o costume de regalar flores”, por iso, quere deixar constancia do seu “inmenso agradecemento” a todas aquelas persoas que fixeron posible que Floristería Maru saíse adiante. Dende o Cerne conversamos con Maru para facer balance deste primeiro cuarto de século de vida.

- Como é que se decidiu a abrir unha tenda de flores?
- María de los Ángeles Cabado (M.C.): Eu estaba traballando nun supermercado e foron miñas irmás as que me animaron a abrir unha floristería; basicamente foi así. Prepareime asistindo a un curso de tres meses e despois tiven a gran sorte de que moitos dos meus clientes axudáronme coa súa sinceridade dicíndome o que non lles gustaba, o que si lles gustaba, o que podía cambiar. Iso fixo que mellorase e seguise crecendo.

María Cabado no seu negocio, *Floristería Maru*, en Melide

> “Os comezos foron duros, tiven moitas trabas e enganos, pero coa fortaleza suficiente conseguín saír adiante”

> “Realizamos todo tipo de eventos e imos a onde o cliente nos demande”

- Como foron os inicios?
- M.C.: A verdade é que foi moi difícil. Estou moi contenta de haber tomado a decisión, pero realmente foi complicado avanzar. Tiven moitas trabas e algún que outro engano e camiño cortado, pero considero que teño moita fortaleza e ao final conseguín saír adiante. Tamén teño que dicir que a miña familia axudoume moito. Por contarche unha anécdota direiche que os meus sobriños aínda recordan cando ao comezo traballaba chorando.

- A pesar desa dureza, mereceu a pena?
- M.C.: Absolutamente. Pese aos malos momentos, pese ás trabas, pese a unha competencia ás veces difícil, o balance é positivo. Estou moi contenta e só podo amosar o meu agradecemento aos nosos clientes por estar sempre aí transmitíndonos tamén a súa gratitude polo traballo que realizamos, un traballo que sempre facemos de corazón.

- Que servizos prestan?
- M.C.: Todo tipo de eventos, como son os nupciais, tanto eclesiástico como civil; por exemplo as vodas, vodas de ouro e de prata, logo tamén os bautizos, as comuñóns, e despois tamén todo o tema funerario. O que máis nos gusta é todo o relacionado con eventos, pero iso non quita que por exemplo no ámbito funerario traballemos con sentimento e corazón, e iso transmitímolo no traballo aos nosos clientes.

- Dispoñen de todo tipo de flores?
- M.C.: Si, e tamén todo tipo de planta. E no caso de que haxa unha planta ou unha flor que o cliente quere en especial e nese momento non a temos, intentamos conseguila.

- Que zonas abarcan os seus servizos?
- M.C.: Non só Melide e comarca, nós atendemos e imos a onde o cliente nos demande, como por exemplo Lalín, Arzúa, Boimorto, Antas de Ulla, Monterroso, Palas e incluso Lugo, Santiago ou A Coruña. E logo temos tamén o servizo de Interflora que funciona moi ben; nós ensinámoslle ao cliente o catálogo, el elixe as flores e Interflora xa as pon en marcha.

- Que cambios destacaría ao longo destes 25 anos?
- M.C.: Pois no tema funerario por exemplo eu fun cambiando moitas cousas. Un dos motivos polos que eu comecei a cambiar algúns aspectos foi a raíz do falecemento de meu pai. Nese momento observei que había centros repetidos porque eran todos iguais, foi entón cando me decatei e reflexionei sobre algo tan básico como “pero isto é o que se lle dá ao cliente? Aquí ten que haber un cambio”, e fun a por ese cambio e a verdade é que me foi xenial. E logo despois nas vodas tamén houbo un cambio bastante grande, sobre todo nas vodas civís, máis que nas relixiosas. Agora as civís decóranse máis, e vexo tamén que nos enlaces relixiosos piden que as igrexas queden máis sinxelas mentres que prefiren unha decoración máis intensa nos restaurantes.

- Que tipo de flor lle demandan hoxe en día?
- M.C.: Agora piden flores máis diferentes. Por poñer un exemplo, ao mellor antes non querían a hortensia e agora demándana moitísimo. E hai que sinalar que nós tamén os animamos a cambiar de flor para que os eventos non se repitan e así non facer todo coa mesma flor.

- Recorda algún evento en especial?
- M.C.: Si, un en concreto, uns peregrinos que se casaron en Casa Domingo despois de haberse coñecido nese mesmo lugar un ano antes facendo o Camiño de Santiago.

- Que coidados debemos darlle a unha flor para mantela en bo estado?
- M.C.: Para unha flor eu sempre lles digo aos meus clientes que lles cambien a auga día si día non e tamén que lle corten un pouco ao tallo de forma sesgada, non recta, porque desa maneira colle mellor a auga. Eses trucos da Aspirina e todo iso que se escoita non serven para nada, o mellor é coidala cambiándolle a auga.

- E a unha planta, require algo en especial?
- M.C.: Depende, pero hai unha norma xeral que é a de non botarlle auga en exceso. As plantas non menten, por iso non podemos deixar unha planta sen auga e coa intención de que se recupere botarlle un litro de auga de golpe. Con iso non arranxamos nada. Só acabar de estragala.

- Que significa para vostede unha flor, que lle transmite?
- M.C.: Para min transmite cariño, transmite amor, e tamén moitas veces transmite un perdón.

A Xunta expedienta ao Concello e a unha empresa local polas verteduras ao río Furelos dende o polígono

A multa pode oscilar entre os 3.000 e os 30.000 euros

Unha nova vertedura ao río Furelos dende o polígono industrial da Madanela que tivo lugar na tarde do 31 de decembro e que foi denunciada pola Asociación de Troiteiros Río Furelos, tivo como consecuencia a apertura por parte da Xunta de Galicia dun expediente sancionador ao Concello de Melide e a unha empresa local de transporte de gando afincada no mesmo polígono.

Segundo informaron dende a Administración autonómica, "ao tempo, técnicos de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda veñen de realizar unha inspección á zona na que se rexistrou un vertido, para o que se tomaron mostras da auga para determinar se existe contaminación".

Dende a Consellería de Medio Ambiente explicaron que "en virtude da acta de inspección realizada polos axentes medioambientais desprazados ata a zona, acordouse incoar un procedemento sancionador á empresa de transportes, así como ao Concello de Melide con relación ao vertido ao rego de Reboredo, afluente do río Furelos. En ambos casos, a apertura do expediente xustifícase pola presunta comisión dunha infracción administrativa de carácter grave segundo a Lei 7/1992 do 24 de xullo de Pesca fluvial de Galicia e susceptible de ser sancionada cunha multa que pode oscilar entre un mínimo de 3.000 euros e ata os 30.000 euros".

Tamén, como medida cautelar a xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente dirixiuse por escrito ao Concello de Melide para ordenarlle "a adopción urxente das medidas necesarias para acadar o cese inmediato do vertido ao rego de Reboredo, co fin de evitar que se continúen producindo danos ao medio e ás poboacións ictícolas".

No escrito requíreselle para que, "antes das 10:00 horas do día 15 deste mes, presente as alegacións que estime pertinentes, facendo constar en todo caso a orixe deste vertido, as causas que ocasionaron os danos sinalados e as medidas adoptadas desde a recepción da presente notificación para emendar e evitar que se sigan producindo".

Pola súa banda, a Consellería tamén confirmou que "se o resultado analítico das mostras confirma a contaminación, abrirase tamén un expediente sancionador por parte de Augas de Galicia ao Concello de Melide, responsable de evitar as verteduras irregulares ao medio fluvial".

Vertido do día 31 de decembro (ATRF)

Empresa e Concello terán un prazo de 15 días, unha vez recibida a notificación do inicio do procedemento, para poder presentar as alegacións, documentos ou informes que estimen oportunos.

En declaracións a Radio Melide, o concelleiro Xosé Igrexas, aclarou que "este Concello a data de hoxe e a estas horas (luns 13 de xaneiro 10.30horas), non ten notificación oficial con referencia ao asunto que vén reflectido nesa nota de prensa. Tamén dicir que o Concello dende que ten notificación e coñecemento de todos os sucesos acaídos no polígono industrial sempre tomou e toma as medidas oportunas conforme á normativa vixente".

C/RONDA DE CORUÑA, 16 (E-15-001258) · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
El óptico loco por ti
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Máis de 637.000 euros en facturas pendentes de pago a provedores

No pleno extraordinario celebrado o pasado mes de decembro o goberno bipartito de Melide decidiu non levantar o reparo que pesa sobre o pago de distintas facturas a provedores (máis de 637.000 euros), correspondentes todas ao anterior goberno do Partido Popular.

A decisión foi tomada en base a un Informe de Intervención que detectou "un montante de 637.348,59 euros en facturas pendentes de pago do anterior equipo de goberno e no que se sinala que estas facturas non tiñan crédito no orzamento municipal, e moitas delas correspóndense con obras sen Proxecto, nin memoria valorada, nin certificacións de entrega entre outras irregularidades", apuntaron dende o Concello. Do mesmo informe de Intervención tamén se desprende que "en moitas das facturas apréciase fraccionamento de contrato".

Ante "estas irregularidades" o goberno local, formado por Adiante Melide e PSOE, votou en contra do levantamento do reparo mentres que o Partido Popular optou pola abstención.

En consecuencia, ao non levantarse o reparo ás facturas estas quedan en suspenso e non se poderán pagar, polo que os provedores terán que acudir á vía xudicial para reclamar o seu cobro.

O Concelleiro de Facenda, Xosé Igrexas, sinalou que "se non fose pola cantidade de facturas deixadas polo anterior equipo de goberno poderíase ter destinado a outras necesidades deste Concello". Ademais, lamentou que "pola mala xestión e as enormes irregularidades feitas pola alcaldesa do PP non se poida pagar aos provedores como confirman os Informes de Intervención".

POS+2020

No mesmo pleno tamén se aprobou por unanimidade o Plan de Obras e Servizos (POS) 2020 por un montante de 656.812,72 euros.

Desta cantidade o goberno local destinará 328.500 euros á posta en valor da rúa do Convento, mentres que os 378.502 euros restantes irán para o pago de facturas; e é que "as Bases do POS+2020 obrigan aos concellos a facer fronte primeiro ao pago pendente de facturas que teñan as entidades ata o 30 de xuño de 2019", explicaron dende o Concello, polo que "todas as facturas son do anterior mandato do Partido Popular".

O PP critica a falta de luz durante o Nadal

O Partido Popular de Melide, encabezado por Dalia García, denunciou a "inoperativiade" que ao seu parecer tivo o goberno de Melide ante o forte temporal que pasou pola vila, e toda a comunidade, o pasado mes de decembro (concretamente durante a fin de semana do 21 e 22 de decembro).

Segundo apuntaron os populares, dende o Concello tardaron en "restablecer todos os servizos públicos" que se viron afectados pola situación meteorolóxica adversa vivida durante esa fin de semana.

Ademais criticaron que durante "varios días" o alumeado de Nadal non estivese operativo "cando somos sabedores de que é un atractivo turístico innegable ademais de incentivar ás compras no comercio local nos días máis fortes comercialmente falando de decembro".

Dende o PP local destacaron o feito de que durante días diferentes "rúas completas estivesen a escuras en pleno casco urbano e varias parroquias sen alumeado público cos problemas de inseguridade que estamos a sufrir", apuntou a voceira popular, Dalia García; foi o caso de "Folladela, Orois, Santa María ou San Martiño que tiveron problemas de subministro constantes", dixo.

Aberto o prazo para a acreditación das competencias profesionais

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocou o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou por outras vías non formais de educación.

O prazo de presentación de solicitudes abriuse o 13 de xaneiro e irá ata o 7 de febreiro, incluído. A solicitude de participación no procedemento deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia:

https://sede.xunta.gal

Proceso

O proceso de acreditación desenvolverase, ao igual que noutras ocasións, nos centros integrados de formación profesional e estará dividido en tres fases: asesoramento, avaliación da competencia profesional e acreditación e rexistro da mesma. A información sobre o procedemento pode consultarse no Portal de FP.

A superación deste proceso aumenta as posibilidades de inserción laboral, ademais de que facilita o feito de completar a formación para a obtención dun título de FP.

Os interesados poden obter máis información no DOG NÚM. 236, do xoves 12 de decembro de 2019, e tamén a través do profesor do IES Melide, Javier Iglesias, quen tamén é asesor neste proceso.

Os pescadores celebran a súa asemblea xeral

Asemblea xeral celebrada en 2019 (ATRF)

A asociación de troiteiros Río Furelos celebrará o sábado 25 de xaneiro a súa décimo sétima asemblea xeral ordinaria. Terá lugar no salón de actos do edificio multiusos de Melide a partir das 17.00 horas. Entre os puntos incluídos na orde do día, o informe das xestións levadas a cabo pola Xunta Directiva, a aprobación dos orzamentos para 2020, a actualización da lista de socios ou o programa de actividades para este ano. Dende o colectivo fan un chamamento a que "todos os socios que non podan asistir fagan a delegación do voto polos métodos habituais".

Critican a figura do "xefe de gabinete" do goberno bipartito

"Ás presas e correndo, cunha clara finalidade: ter en nómina municipal ao que será o novo Xefe de Gabinete, unha cuarta dedicación exclusiva encuberta nun goberno que discrimina salarialmente ás mulleres, sendo a concelleira de Igualdade e Política Social a que menos cobra", criticou o Partido Popular de Melide en relación ao pleno extraordinario no que se aprobou (cos votos en contra do PP) a entrada e vigor da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

Segundo explicou Dalia García, voceira dos populares melidenses, "o grupo PP votou en contra da proposta municipal como xa viña reiterando en plenos anteriores, por coherencia, por non compartir o xeito no que en seis meses se modifica unha RPT e se incrementa considerablemente a partida para un xefe de gabinete, pero sen embargo, aléganse dificultades na xestión diaria para cumprir coas prioridades do novo goberno".

García tamén sinalou que esta "cuarta dedicación exclusiva deste goberno, un xefe de gabinete, custará 35.500 euros ao peto de todos os melidenses; cun soldo de 2.250 euros mensuais para facer traballos, segundo a proposta de alcaldía, que hoxe en día están sendo desenrolados por recursos propios do Concello cun resultado satisfactorio".

Tamén criticaron os populares que "por terceira vez en seis meses" fosen chamados a un pleno extraordinario e urxente sen comisión informativa nin xunta de portavoces.

Ante a polémica, Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica e Facenda, aclarou que "non é que se creara unha praza nova, senón a modificación dun posto que xa había na súa época, e ao modificarse, ese traballador cobrará en función do seu grupo de cotización".

A este respecto, Igrexas sinalou que o salario bruto anual "tal e como recolle o Boletín Oficial da Provincia é de 27.000 euros en 14 pagas, polo que as matemáticas non enganan", dixo.

A parada de Taxis de Melide regresa ao cantón de San Roque

A volta ao cantón de San Roque da parada de taxis de Melide xerou certo malestar entre o colectivo profesional, que criticou o seu emprazamento, tal e como recolleu o xornal La Voz de Galicia.

A partir de agora, e trala reforma da praza do cantón, a parada situarase na rúa paralela á estrada nacional N-547; unha vía de sentido único e máis segura para os usuarios deste servizo xa que presenta menos tráfico que a nacional.

Tamén o Partido Popular local criticou a inexistencia de "sinalética vertical" nin "publicidade de servizo público ou TAXI para os usuarios, teléfono nin cabina para os taxistas".

Ante estas críticas Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica, aclarou que "levamos con este tema dende setembro, que foi cando tivemos a reunión con eles e ao non chegar a un acordo o goberno tivo que actuar, porque ademais é un servizo do Concello, e o que fixemos foi reubicalos onde estaban antes, no Cantón de San Roque".

Preguntado pola posibilidade de que esta localización cambie nun futuro, Igrexas afirmou que "iso nunca se sabe porque ao mellor chega unha nova normativa da Xunta dicindo que ten que estar noutro sitio, pero de momento van a quedar no posto dos taxis que había sempre".

En relación á sinalización, Igrexas confirmou que os sinais "xa están encargados" pero que coa celebración do Nadal retrasouse o recibimento e instalación dos mesmos.

Posta en valor da rúa de San Pedro e do Convento

O goberno municipal de Melide porá en valor o casco antigo da vila despois de que a Deputación aprobase o proxecto para a rehabilitación e conservación da rúa de San Pedro por un importe de 249.782,49 euros.

A esta reforma da rúa de San Pedro hai que sumar outras melloras que se realizarán na rúa do Convento, aprobadas xa en pleno municipal, e que suporán unha inversión para a posta en valor do casco antigo melidense no seu conxunto de máis de 578.000 euros.

"Ambas rúas forman parte da rede viaria do casco histórico de Melide e presentan un trazado claramente medieval, pola súa configuración morfolóxica. Tanto a rúa do Convento como a rúa de San Pedro son soporte para o Camiño de Santiago ao seu paso por Melide, de vital importancia para a vila", sinalaron dende o consistorio.

En canto ás actuacións concretas a levar a cabo figuran a substitución completa do pavimento e a instalación dunha rede separadora de saneamento e pluviais.

Reparan un treito do Camiño en Santa María

O goberno local de Melide actuou días atrás nas fochancas presentes nun treito do Camiño de Santiago en Santa María.

"Trátase dunha actuación de urxencia, derivada polo mal estado do firme do camiño, que impedía que a veciñanza puidese acceder aos seus fogares sen ter que esquivar os baches profundos cos seus vehículos pola estrada para poder entrar as súas vivendas".

Dende o Concello destacaron que "pese a non ser competencia municipal o mantemento do Camiño de Santiago, senón que é autonómica, vímonos na obriga de actuar polo calamitoso estado deste firme. Dende a Mancomunidade de Concellos do Camiño de Santiago, da que formamos parte, xa lle requirimos á Xunta de Galicia o arranxo destas deficiencias en setembro, pero non obtivemos resposta".

Nin depuradora nin senda nos orzamentos da Xunta

O PSOE de Melide lamentou que as dúas emendas presentadas polo grupo parlamentario do PSdeG-PSOE aos orzamentos da Xunta para o ano 2020 que afectan a Melide fosen rexeitadas polo Goberno Galego.

Os socialistas propoñían a construción dunha EDAR no polígono da Madalena e unha senda peonil para o Camiño Primitivo; sen embargo, os orzamentos da Xunta para este ano só contemplan a cantidade de 50.000 euros para saneamento.

Para os socialistas de Melide "con esta negativa, que xa foi repetida en orzamentos anteriores, o PP segue amosando que os anuncios feitos dende o 2011 ata 2019 sobre o problema de falta de saneamento no Polígono Industrial só foron mentiras, e non tivo nin ten ningunha vontade de solucionalo".

Santiso aproba uns orzamentos para 2020 de 2,1 millóns de euros

Servizos Sociais con 534.000 euros, e Inversións con 729.000, son as partidas máis destacadas

O goberno local de Santiso (BNG) aprobou os orzamentos para 2020 cunha cifra que ascende a un total de 2,1 millóns de euros. De dita cantidade destaca como partida máis importante a destinada aos Servizos Sociais, que serán uns 534.000 euros.

En palabras do alcalde, Manuel Adán, "para un concello como o noso, e coa poboación que temos, a verdade é que é unha partida importante, ten en conta que contamos con 2.500 horas de dependencia. Os 534.000 euros son case a cuarta parte dos orzamentos".

Área recreativa da Cornella onde o Concello prepara unha actuación importante

En canto a inversións, o outro capítulo máis destacado, o orzamento para 2020 contempla unha inversión de 729.000 euros destinados a diferentes actuacións. "Hai unha suba bastante importante en ambas cifras con respecto a outros anos, tano no destinado a Servizos Sociais, que se incrementa nuns 130.000 euros respecto ó ano anterior; como no destinado a inversións, que tamén son máis altas que outros anos", salientou o rexedor local. "En canto a persoal e gasto corrente as cantidades non sofren variacións significativas", engadiu.

Área da Cornella

Dentro das inversións previstas, Adán destacou a destinada a intervir na área recreativa da Cornella. "Podería dicir que é a que máis sobresae, a actuación prevista na área da Cornella onde o concello, con fondos do GDR e fondos propios levará a cabo un importante traballo en 2020". De feito o Concello xa adquiriu a parcela que limita coa área recreativa.

A comarca recibe case 500.000 euros do Plan Único da Deputación

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade a derradeira achega do Plan único de 2019 (POS+2019) por un importe total de 17,1 millóns de euros. De dita cantidade, máis de 16 millóns de euros corresponden a fondos provinciais, e 900.000 euros serán achegados polos concellos.

Na comarca en concreto o investimento do organismo provincial será de 493.916 euros para os concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

Pavimentacións de camiños e núcleos rurais, obras de saneamento e abastecemento de auga, dotación de mobiliario urbano, creación de parques públicos e infantís ou creación de infraestruturas deportivas son algunhas das obras que se realizarán nos concellos co apoio do Plan único.

CONCELLO	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO
MELIDE	Adecuación e posta en valor rúa San Pedro, Melide	249.782,49	0,00
SANTISO	Pavimentación camiño en Vide (Mourazos) e outros	32.669,46	0,00
SANTISO	Subministración tractor e apeiros complementarios	42.557,25	5.842,75
SOBRADO	Reforzo do firme Silvomacho-Torante, Porta	35.212,62	0,00
TOQUES	Camiño de Baamonde (Paradela)	133.694,88	0,00

BREVES

ITV agrícola en Sobrado

A unidade móbil para realizar inspeccións técnicas periódicas (ITV) de vehículos agrícolas desprazarase ao Concello de Sobrado dende o 6 ata o 11 de febreiro en horario de 9.00 a 13.00 horas e de 15.15 a 18.00 horas de luns a venres, agás o venres 7 de febreiro día no que o horario será só de mañá. A unidade estará situada na explanada do polideportivo municipal. Para solicitar cita previa os interesados poderán chamar ao número de teléfono 902 309 000, ou ben a través da páxina web www.sycitv.com.

ITV agrícola en Santiso

En Santiso, a unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará os días 21 e 22 de xaneiro en horario de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas. Estará situada na pista polideportiva de Belmil. A cita previa tamén a través do teléfono 902 309 000 ou da páxina web www.sycitv.com.

Expedición do DNI en Santiso

O equipo móbil de expedición do Documento Nacional de Identidade (DNI) fará os seus desprazamentos ao concello de Santiso en 2020 os días:
6 de febreiro
18 de marzo
30 de abril
18 de xuño
15 de setembro
29 de outubro
Tanto para a expedición como para a súa renovación as persoas interesadas deberán acudir ás oficinas do Concello de Santiso ou chamar ao teléfono 981 81 85 01.

Recollida de plásticos agrícolas en Sobrado

O próximo xoves 16 de xaneiro o Concello de Sobrado procederá a unha recollida de plásticos derivados da actividade agrícola. Para solicitar a súa recollida, as persoas interesadas deberán anotarse chamando ao Concello (981 787 508) ata o mércores día 15, onde se lles informará máis polo miúdo. Os plásticos depositaranse limpos e atados nos puntos de recollida fixos.

Termalismo Social Imserso 2020

Está aberto o prazo para participar no programa Termalismo Social do Imserso 2020 para os meses de setembro a decembro.

Poderán participar no Programa de Termalismo as persoas residentes en España que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español
- ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español
- ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español
- ou ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade

As quendas, que poderán ter unha duración de 12 ou de 10 días realizaranse en réxime de pensión completa e comprenderán desde as doce horas do día de chegada ata as doce horas do día de saída.

Para as quendas dos meses de setembro a decembro o prazo de solicitudes está aberto ata o 15 de maio. Máis información nos Servizos Sociais dos Concellos.

A granxa de Mónica Penas González, en Toques, foi unha das explotacións premiadas –na categoría de Granxa Grande– co galardón Exceleite 2019 que outorga a Consellería do Medio Rural ás mellores explotacións leiteiras galegas no ámbito hixiénico - sanitario. Tras recibir o recoñecemento, dende o Cerne quixemos coñecer un pouco máis sobre o traballo de Mónica Penas ao fronte da explotación, como é o seu día a día e as súas demandas para o sector.

"Aquí non se pode parar por festivos nin vacacións, e case me atrevo a dicir que nin podemos enfermar"

Mónica Penas (terceira pola esquerda) durante a entrega dos premios Exceleite 2019, e a explotación que ten no concello de Toques

Tras rematar os estudos de COU e non poder cumprir a súa "ilusión de estudar a carreira de veterinaria por motivos familiares" Mónica decidiu dedicarse á gandaría, "dende pequena sempre me gustaron os animais en xeral e principalmente as vacas, e tamén facía falta man de obra para que a explotación tivese continuidade".

Comezou así na granxa no ano 2001, "aínda que antes desa data xa sempre axudaba na casa e sempre me gustaron as vacas", relata a propia Mónica. Despois de varios anos en solitario ao fronte da explotación, dende hai dous anos conta cun empregado a xornada completa "e esperemos que poidan ser moitos máis", di.

En canto ao balance que fai de todos estes anos resúmeo nunha "traxectoria de moito traballo e sacrificio para intentar evolucionar e modernizarse paralelamente a como evolucionou o sector".

Na actualidade conta cun gando composto por 100 cabezas, das cales "65 son vacas adultas e o resto novillas de recría". Ademais, "nos últimos 3 anos conseguimos dobrar o número de cabezas para así poder contar cun asalariado", destaca.

A profesión de gandeira para Mónica ten "as súas vantaxes e inconvenientes" como outras. "Eu destacaría que ***os animais de leite nunca paran, son 365 días o ano que hai que atendelos e a alguén lle ten que tocar, e nese aspecto son moi esixentes***. Aquí non se pode parar nin por festivos nin por vacacións e case me atrevo a dicir que non podemos nin enfermar".

O seu día a día

A xornada de traballo para Mónica comeza ás sete da mañá "coa muxidura, limpeza de camas, atender a recría, limpeza de comedeiros e bebedeiros. Logo seguimos coa limpeza de instalacións tras a muxidura e pasamos á parte de vacas secas e resto de recría. En días sen traballos extraordinarios ocupamos o resto da mañá con limpeza de silos, boxes de tenreiros, etc. Pola tarde ocupámonos do encamado e recheo de cubículos antes de seguir cos traballos de alimentación e limpeza de novo dos distintos lotes, seguindo a continuación coa muxidura. Sen esquecer o tempo que dedicamos a tratamentos ou inseminacións segundo as necesidades diarias. Todo isto nun día normal e sen traballos extraordinarios como poden ser os de campo".

Non obstante, para Mónica hai tres cousas que nunca poden fallar nunha granxa e que son "a muxidura, a alimentación (limpeza de comedeiros, silos de forraxe, arrimados de comida, limpeza de bebedoiros), e as camas, estes traballos son moi importantes e a clave do funcionamento da granxa".

Marcar a diferenza

Á hora de destacar as características máis salientables da súa explotación Mónica teno claro, "se algo nos diferencia é simplemente poñerlle ganas no día a día, a constancia, dedicación e unha gran paixón polo noso traballo. Podo dicir que son unha apaixonada das vacas de leite e que me gusta moito a xenética, polo que nos últimos anos fíxose unha aposta importante na mellora da calidade dos animais", recalca.

"***Ter unha granxa de vacas de leite na nosa zona é realmente complicado posto que temos moitas limitacións***; sobre todo limitacións de produción de forraxe, pouca terra e pouca produtividade por hectárea en cultivos como o millo. As poucas granxas que quedan na zona e a dispersión das mesmas non nos permite por exemplo o feito de compartir maquinaria. En tales circunstancias é moi importante ser moi eficientes e ter moita paixón e vocación no noso traballo", engade.

Por outra banda, Mónica sinala que para producir un leite de calidade "o máis importante é que a vaca estea mellor; unha boa cama fará que o ubre da vaca estea limpo e menos exposto a microorganismos, por conseguinte os recontos celulares baixos. Non podemos esquecernos do papel importante que xoga tamén a hixiene, tanto de instalacións como da comida ou auga que consumen as vacas".

Preguntada por como ve o sector, esta gandeira de Toques afirma que nos últimos anos tivo lugar unha gran evolución, aínda que "houbo unha perda de explotacións importante e a produción de leite cada vez está máis concentrada en tres, catro comarcas de Galicia", sinala. "Temos granxas moi competitivas a nivel europeo e mundial, e moita xente nova con vocación e ilusión polo noso sector. Cando vexo estes gandeiros acórdome da frase de Sócrates "Solo sé que no sé nada".

Tras recibir o premio Exceleite 2019, Mónica Penas asegura sentirse agradecida "porque é un recoñecemento á constancia, ao traballo do día a día e a poder aumentar a autoestima miña e tamén do meu empregado". Con todo, o que realmente lle gustaría é que estes premios fosen capaces de transmitirlle ao consumidor que o leite que bebe "cumpre todos os requisitos hixiénicos e sanitarios, que pode consumilo con todas as garantías e que ***un produto tan básico como é o leite atreveríame a dicir que nunca en tan boas condicións lle chegou á mesa ao consumidor, por iso non se debería deixar de consumir nin cambiar por bebidas substitutivas***".

As súas reivindicacións

Máis aló do recoñecemento que supuxo recibir o galardón Mónica salienta a importancia de "crear unha imaxe positiva do sector entre todas as partes e unhas condicións atraíbles para que a xente moza e o resto da sociedade vexa unha oportunidade de traballo neste sector".

"Nas últimas décadas –di– os gandeiros e gandeiras fixemos os nosos deberes, fomos capaces de adaptarnos ás distintas circunstancias e condicionantes que tivemos, cada vez somos máis eficientes e competitivos para poder ter explotacións rendibles, mais con todo ***temos unhas marxes de rendibilidade baixas para todo o nivel de inversión, traballo, constancia e esixencia que hai detrás dunha granxa***, e aínda así o papel que xogamos é moi importante pois as granxas xeran moitos postos de traballo non só directos, senón indirectos, e facemos un labor importante de fixación de poboación no rural co correspondente coidado do medio ambiente. Creo que é o momento no que debería empezar a valorarse moito máis o noso traballo, vocación e constancia os 365 días do ano desde todos os ámbitos, pois se non hai explotacións non hai vida no rural nin hai poboación".

"***Fai anos dicíase que o que quedaba na granxa era o que non valía para outra cousa, isto cambiou e os gandeiros e gandeiras de hoxe en día somos xente formada e preparada*** para xestionar explotacións rendibles e eficientes, e Galicia pode presumir de ser hoxe en día unha das rexións máis produtoras de leite de Europa e con granxas moi competitivas", subliña Mónica.

Toques aproba uns orzamentos de case un millón e medio de euros

O orzamento aprobado polo goberno local de Toques (PSOE e BNG) para 2020 ascende a 1.441.589 euros.

Dentro dese orzamento un 27% irá destinado a gastos de persoal; mentres que case o 42%, 604.915 euros, estarán destinados a gasto corrente (mantemento, conservación, infraestruturas, gastos de Servizos Sociais, etc). Neste senso, o rexedor de Toques, Miguel Buján, aclarou que se produce "un incremento substancial de preto de 60.000 euros ao ano, o subir o prezo da hora do servizo de axuda a domicilio".

En canto ao capítulo dedicado a inversións, este supón un 30,34% (437.431 euros). "Pódese dicir que se trata dun orzamento con perfil inversor importante e ambicioso que pretende cubrir as necesidades e demandas dos veciños do concello de Toques", salientou Buján.

Ingresos

En relación aos ingresos, o alcalde de Toques quixo destacar que "en ingresos tributarios o Concello estima que se van a recadar para este ano 374.230 euros, o que supón un 25,96% dos recursos do concello; mentres que os ingresos por transferencias correntes estimados, que son os ingresos que serven para o mantemento e conservación de servizos e infraestruturas procedentes do Estado, Comunidade Autónoma e Deputación ascenden a 700.336 euros (un 48,58% dos recursos)".

Por outra banda, o Concello de Toques financiará con fondos propios inversións por importe de 70.508 euros, mentres que "a Deputación da Coruña achegará un importe total en concepto de transferencias correntes de capital de 438.726 euros, e a Xunta de Galicia en cambio, algo máis de 242.000 euros", aclarou o rexedor local.

Miguel Buján tamén apuntou que "existen proxectos fóra do orzamento que se conseguimos financiamento para eles serán un capítulo imporante para o concello, pero mentres non contemos coa subvención ou axuda necesaria non poderemos incluílos nos orzamentos".

Sobe o paro na comarca en 18 persoas

Seguindo a liña dos últimos meses o paro na comarca volveu a sufrir un lixeiro aumento ao remate do ano. Así, o mes de decembro deixou na Terra de Melide 18 persoas desempregadas máis; un total de 590 na comarca a finais de 2019.

Por sectores, o peor resultado continúa sendo para o sector servizos, cun total de 372 persoas desempregadas, seguido polo sector da construción con 70 persoas sen emprego. En industria a cifra de parados é de 64 persoas, mentres que en agricultura e gandaría é de 41. As 43 persoas restantes xa figuraban sen emprego anteriormente.

En canto a idades, os parados de menos de 25 anos acadan a cifra de 29 persoas (10 son homes e 19 mulleres), mentres que as persoas sen emprego maiores de 25 anos suman en total 561; delas, 248 son homes e 313 son mulleres.

CONCELLO	Parados mes de decembro (2019)	Parados mes de novembro (2019)	VARIACIÓN
MELIDE	407	393	14
SANTISO	74	75	-1
SOBRADO	61	55	6
TOQUES	48	49	-1
Total	590	572	18

FESTIVOS LOCAIS 2020

Melide
29/06/2020 - Día de San Pedro
16/07/2020 - Día do Carme

Santiso
13/04/2020 - Luns de Pascua
14/09/2020 - Festa de Santa Cruz

Sobrado
25/02/2020 - Martes de Entroido
29/06/2020 - Festa de San Pedro

Toques
15/05/2020 - Festa de San Cidre
02/09/2020 - Festa de San Antolín

Critican as carencias no servizo de pediatría dos concellos da contorna

Alcaldes e voceiros socialistas na comarca de Santiago consideran "inaceptables e inasumibles" as carencias no servizo de pediatría e porán en marcha nas próximas semanas medidas de presión para esixir un cambio de postura da Consellería de Sanidade.

Segundo afirmou o portavoz do PSOE comarcal, Antonio Leira, "temos un grave problema coa sanidade pública, a Xunta non cubre as ausencias dos pediatras durante as baixas ou as vacacións, o que obriga aos pais e nais a desprazarse para que os seus fillos reciban atención"; unha situación que se produce en concellos como O Pino ou Touro, e que tamén se repite con frecuencia no centro de saúde de Melide.

Ante iso, os socialistas anunciaron que nas próximas datas presentarán iniciativas nos plenos municipais e tamén no Parlamento de Galicia, do mesmo xeito que tomarán outras medidas. "É o momento de tomar outro tipo de medidas que iremos anunciando, está en xogo a saúde dos nosos fillos e non queremos esperar a que pase algo grave", engadiu Leira.

Aberto o prazo para as axudas do Programa Leader para este ano

Dende o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo fixeron un chamamento a todas aquelas persoas interesadas en solicitar as axudas do Programa Leader, pois o prazo está aberto ata o 31 de xaneiro.

"É verdade que o orzamento para estas subvencións é menor este ano, pero probablemente maior que o próximo, que non estamos seguros de que vaiamos ter convocatoria", informaron nas redes sociais, "por iso vos animamos a presentar a solicitude para desenvolver o voso proxecto empresarial de este ano, para crear ou ampliar a vosa empresa no rural", indicaron.

O ámbito de actuación do programa no territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo inclúe nove Concellos: Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar

FEIRA de OPORTUNIDADES

PAZO DE CONGRESOS, **MELIDE**

8 e 9

FEBREIRO 2020

DE 11 A 20 H HORARIO CONTINUO

mercamelide

A PARTIR DAS 12:30 H E DAS 18:00 H

ANIMACIÓN INFANTIL, XOGOS E TALLERES, AS DÚAS XORNADAS

A PARTIR DAS 12:30 H

SESIÓN VERMÚ MUSICAL DOMINGO 9

FOGAR, MOBLE, MENAXE, MODA, DECORACIÓN, SEGUROS, DEPORTES, MERCERÍA, COMPLEMENTOS, NOVAS TECNOLOXÍAS, CALZADO, LENCERÍA, PERFUMERÍA, BELEZA...

XUNTA DE GALICIA · CONCELLO DE MELIDE · CCA Melide Centro Comercial Aberto ASETEM · galicia · Deputación DA CORUÑA

RESTAURANTE
PARRILLADA
PILMAR
MARIÑO
● DESAYUNO ● MENU
● COMIDAS PARA GRUPOS
● ESPECIALIDAD EN
CARNES A LA BRASA
Santa María, s/n
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlfns.: 981 50 76 17
606 59 04 46

O MESÓN DE ROBERTO
Ronda de Pontevedra 111 - Melide
Teléfono 981 93 89 92

SANTIN & AMO
Perruqueiros
Salón unisex, beleza, solarium,
manicuras, maquillaxes...
R/Cantón de San Roque, 38-40, 1ºEsquerda
15800 · Melide
Tlfn.: 650 43 63 75
Santín&Amo perruqueiros

Joyería
Oro Ley
Taller propio
Rúa de San Pedro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

Sorteo Asetem 17

ESTE Nadal TOCOU en Melide

CentroComercialAberto CCA Melide ASETEM

NÚMEROS PREMIADOS NA CAMPAÑA DE ASETEM

PREMIO	Nº TITULAR	Nº RESERVA
2.000 €	30.867 Laia Zapateiros	10.811 Parafarmacia O Cantón
1.000 €	32.846 Librería Victorio	22.481 Oro Ley
1.000 €	12.154 Librería Cousas	02.315 Xoiería Roval
500 €	31.478 Electricidade Vilela	47.458 Intermax
500 €	65.864 Xoiería Silvela	46.465 Viñoteca Ribeirao
500 €	35.038 Juifi	33.589 Casa Juanito
500 €	53.238 Supermercados Gómez Covirán	21.608 Oro Ley
200 €	Nº92 Sorteo entre o público: María Jesús Garea Penas (Melide)	

Eva Iglesias, imaxe do Centro Comercial Aberto Asetem, foi a encargada de presentar a gala do sorteo de Nadal dos empresarios, onde tamén interpretou varias cancións

Ana Vila Portomeñe, coñecida como a "poeta labrega", e María Luisa Pereiro, poetisa e socia de Asetem-CCA, ofreceron aos presentes un recital de poesía durante a gala

Os nenos do colexio da Martagona en Melide (Iria, Uxía, Sara, Hugo e Dani), foron os responsables de extraer os números do sorteo



María del Carmen Carreira, notaria; e Pilar López, xerente de Asetem-CCA, verificando e rexistrando os números durante o sorteo

AS SÚAS MAXESTADES NA COMARCA

Cabalgata de Reis en Melide (Fotos: Turismo Melide)

Cabalgata de Reis en Santiso (Fotos: Concello de Santiso)

Cabalgata de Reis en Sobrado (Fotos: Concello de Sobrado)

Cabalgata de Reis en Toques (Fotos: Concello de Toques)

A solidariedade dos alumnos de 5º do Mestre Pastor Barral recada máis de 800 euros

"Enorme alegría" entre o alumnado de 5º de primaria do CEIP Mestre Pastor Barral de Melide pola acollida do seu primeiro Mercado Solidario. A iniciativa, que xurdiu deles, serviu para vender "moreas de xoguetes e libros infantís que xuntaron entre todo o alumnado do seu colexio". Todo o recadado, un total de 807 euros, foi destinado a dúas entidades, concretamente a ASANOG (Asociación de Axuda a nenas e nenos Oncolóxicos de Galicia) e á Fundación Andrea que tamén axuda ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades graves. Os alumnos e alumnas de quinto curso tamén dedicaron as vacacións de Nadal a vender o seu calendario (300 unidades en total), que eles mesmos elaboraron para recadar cartos para ASANOG e ASOTRAME (Asociación galega de transplantados de medula ósea). "O desexo desta clase de 5º é que un día a loita contra o cancro teña un final vitorioso e consideran que cantas máis persoas de ben, sensibles e solidarias co sufrimento alleo se unan, máis doado será o camiño".

Os máis pequenos da Anpa Martagona gozaron dun Nadal repleto de actividades

Como vén sendo habitual nos últimos anos a Anpa Martagona de Melide organizou un campamento de Nadal para os seus alumnos. Durante os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e o 2 e 3 de xaneiro, os rapaces e rapazas participantes puideron gozar de multitude de actividades como foron os traballos manuais, contacontos, excursións, etc. A Anpa Martagona organiza este campamento, que desenvolveu Xanela Ocio, co obxectivo de conciliar a vida laboral e familiar dos seus socios durante as vacacións de Nadal.

A Escola Ayude de Santiso continúa facendo historia no kickboxing

O pavillón municipal dos deportes de Oviedo acolleu a finais de ano a final da liga nacional de kickboxing, tatami sport, nas súas probas de poingfiting, light-contact e kicklight; e os "granchampions" (competicion aberta a todos os pesos) en categoría absoluta. A Escola Ayude de Santiso, representada polos irmáns Ayude, acudiu á cita volvendo a "escribir máis liñas na historia do kickboxing nacional" xa que non só volveron a gañar os tres participantes na proba de kicklight, quizais a proba máis completa e complexa; senón que tamén foron os primeiros de España en gañar dous "granchampion" de kicklight (masculino e feminino) na mesma competición. Ademais, Nahum Ayude foi o único en gañar as tres probas da súa categoría. En resumo, en palabras do equipo de Santiso: "unha xornada para recordar con final épico debido á intensidade, a calidade e a deportividade coa que se afrontou". Na foto, o equipo Ayude de Santiso.

Esgotadas as inscricións para participar na proba Os 21 do Camiño o próximo 20 de xuño

A 26 de decembro, e tan só seis días despois de abrir o prazo, as inscricións para participar na oitava edición da media maratón Os 21 do Camiño Palas - Melide xa estaban esgotadas. A proba conta xa polo tanto con 750 inscritos, número máximo de participantes permitido para esta media maratón. Esgotados os dorsais, quedan agora por diante seis meses de traballo ata o vindeiro 20 de xuño, día no que se celebrará a cita. En 2019, Nuno Costa e Paula Mayobre foron os vencedores desta proba que se celebra entre Palas de Rei e Melide.

Melide comeza coa promoción da próxima Festa do Melindre na Coruña

O Concello de Melide, en colaboración coa Asociación da Repostaría Tradicional Melide Terra Doce, comezou coas primeiras accións de cara a promover a vindeira edición da Festa do Melindre, que se celebrará como é habitual a segunda fin de semana do mes de maio.

Unha das primeiras accións para dar a coñecer a festa e os doces protagonistas da celebración -ricos, melindres e amendoados-, é a realización de obradoiros nas principais escolas de hostalería de Galicia. Este ano, as elixidas son a da Coruña e a de Lugo.

Así, a cita co alumnado do Centro Integrado de Formación Profesional Paseo das Pontes na Coruña tivo lugar este luns 13 de xaneiro, onde ao longo de toda a mañá, os asistentes ao obradoiro puideron coñecer a coidadosa elaboración dos doces tradicionais de Melide e tamén probalos. Será xa a finais deste mes cando lle toque a quenda á Escola de Hostalería de Lugo do IES San Xiao, completando así, unha serie de visitas á totalidade destes centros formativos que comezou o pasado ano.

A formación está a ser impartida por Alberto Rodríguez, membro da Asociación da Repostaría Tradicional Melide Terra Doce e responsable da Pastelería Estilo, quen a maiores de dar a coñecer o produto local tamén presenta diferentes opcións para obter un segundo uso dentro da restauración cos melindres, ricos e amendoados.

Con este tipo de promocións trátase de expoñer a calidade dun produto ligado á terra de Melide, feito a man e de marcado carácter tradicional. De aí a importancia de estar presente neste tipo de centros educativos, como un elemento de promoción máis que o Concello aporta á Festa do Melindre, declarada Festa de Interese Turístico no ano 2013.

Arrancan as actividades da Asociación de Mulleres Rurais da comarca, Alecrín

O luns 13 de xaneiro tivo lugar unha clase demostración gratuíta de pilates e exercicios hipopresivos que dende a Asociación de Mulleres Rurais da Comarca de Melide, Alecrín, puxeron en marcha. As persoas interesadas en recibir máis información para participar nestas clases poden poñerse en contacto coa asociación Alecrín no teléfono 699 12 04 65. Ademais, dende o colectivo de mulleres xa adiantaron a data do próximo Melide SBK Festival, que se celebrará en Melide a fin de semana do 18 e 19 de xullo.

Finalmente, o colectivo iniciou unha rolda de contacto polas parroquias para dar a coñecer as súas actividades, que xa reanudaron tralo parón de Nadal.

O Museo da Terra de Melide pecha as súas portas de novo



Una ano máis, o sétimo xa, o Museo da Terra de Melide viuse obrigado a pechar as súas portas durante os primeiros catro meses do ano. Así o comunicou a institución a través dunha coñecida rede social: "Por motivos orzamentarios o Museo está abocado, un novo ano (e xa van sete), a facer un parón ata a Primavera, e neste intervalo imos desconectarnos das redes sociais, como soemos facer durante estes meses de comezo de ano. Despois deste intervalo, de descanso obrigado (á par de necesario para coller novos folgos) habemos vir con forzas renovadas para continuar co día a día e iniciar novos proxectos e actividades culturais, na procura de por en valor a memoria colectiva da Terra de Melide", informaron.

Dende o Museo aproveitaron tamén para agradecer "de todo corazón" o apoio recibido, especialmente, polos seus socios e fixeron un balance positivo das actividades desenvolvidas o pasado ano, entre as que destacaron a representación da Compaña. "Este ano o Museo quedou moi orgulloso e satisfeito dos resultados acadados, e entre as actividades desenvoltas sempre quedará na memoria aquela noite tan chuviosa de Santos na que un nutrido grupo de veciños simbolizou a unión, o compromiso, o bo facer, o agarimo e o latexo dun pobo que aporta o mellor de si, cando se xungue para sacar adiante calquera desafío".

Previsiblemente, o Museo da Terra de Melide abrirá de novo as súas portas no mes de maio.

A Benemérita alerta unha vez máis da estafa da suposta revista da Garda Civil

Tras recibir a comezos de ano "varias comunicacións de persoas ás cales se lles ofrece a inserción de publicidade supostamente na revista oficial da Garda Civil, nalgún caso de forma agresiva" o corpo da Benemérita quixo saír a desmentir estes feitos e "advertir á poboación" de que se trata dun fraude.

Así, a través dun comunicado a Garda Civil lembrou que "a única revista oficial e profesional da institución chámase 'GUARDIA CIVIL'".

"Outras revistas –reza o comunicado– inclúen nas súas portadas a palabra Guardia Civil e, no seu contido, gran profusión de fotografías de gardas civís en todas as especialidades e numerosos emblemas e logotipos alusivos a esta institución, o que induce a confusión. Aínda que estas revistas están xeralmente autorizadas e inscritas no Ministerio do Interior, son administradas e dirixidas por entidades particulares, sen vinculación algunha coa revista oficial".

Dende o corpo de seguridade tamén quixeron destacar que "en ocasións empregáronse métodos agresivos e pouco ortodoxos para captar anuncios de publicidade, actitude que non se corresponde coa nosa forma de proceder", dixeron. "Nestes casos –apuntan– a Garda Civil recomenda denunciar os feitos no cuartel máis próximo".

O calote da publicidade fraudulenta en revistas de temática relacionada coa Garda Civil é un problema xa de moitos anos atrás que afecta a gran cantidade de persoas.

Corazón de tinta (Alumnado do IES Melide)

O CAMIÑANTE SOBRE UN MAR DE NUBES

O camiñante sobre un mar de nubes é un cadro do pintor romántico alemán Friedrich, que data do s. XIX.

A figura dun home é o primeiro que salta á vista ao mirar o cadro. O home atópase só, está vestido de negro, dándolle as costas ao espectador e contemplando a paisaxe que se debuxa ante el: montañas parcialmente ocultas por unha densa néboa, un "mar de nubes" que se estende ata onde alcanza a vista.

A postura que adopta o home reflicte unha actitude de firmeza e seguridade, coma se retase o mundo e o examinase detidamente. Isto podería levarnos a interpretar o sentido da obra de dous xeitos distintos. O primeiro deles consistiría en mostrar a seguridade do ser humano, capaz de enfrontarse a calquera adversidade que se presente. O segundo sentido que lle poderiamos dar ao cadro sería como a representación da insignificancia do home ante o mundo e a incerteza que, igual ca a néboa, cobre o futuro por ser algo descoñecido e imprevisible.

A fin de contas (se nos quedamos coa segunda interpretación), este cadro mostra o sentir do home fronte a un futuro e unha realidade que se nos presentan turbios e caóticos. Porque somos incapaces de ver o que está máis lonxe (é dicir, o futuro); pero tamén o máis próximo a nós (o presente). Xa que a néboa podería interpretarse como paralelismo da prensa ou os grandes poderes políticos e económicos, que nos fan ver a realidade que lle convén a cadaquén en particular e nunca somos capaces de coñecer as intencións, movementos e sucesos tal e como se producen nin o seu porqué.

Carolina Sánchez González

FUGACIDADE

Comeza o ano
e entre frío,
xistras,
saraibadas,
só penso no verán.
Non sei nin onde estou,
a néboa núbrame a vista;
estou murcha.

Mais comeza a amainar,
chega maio
os pétalos van medrando
de novo vexo a luz,
o sol tarda máis en marchar.

Pasa a noite de San Xoán,
os campos vístense de cores
a calor quéimame a pel,
esquezo os recordos
a noite é leda, flor.

Todo pasa rápido
comézome a secar
volve a borraxeira,
fágome débil
e volta a comezar.

Sofía Novo Vázquez

De verdades e mitos nas manicuras semipermanentes, acrilatos e demais

É un dos temas de moda, pero igual os medios de comunicación non deberían darlle a difusión errónea que lle están dando, porque en realidade é o que están facendo, alertar e alarmar máis que informar. Refírome ao tema de levar as uñas permanentes, semipermanentes ou esa manicura que tan de moda puxo a cantante Rosalía.

En primeiro lugar debemos ter en conta que se un produto é nocivo para a saúde estaría ou debería estar prohibido. O que non podemos facer é comprar produtos de nula calidade en tendas que non son aptas para vender ese tipo de produtos e logo sorprendernos ante os posibles danos que sufrimos.

Hai tendas onde se venden esmaltes, entre outras múltiples cousas, a prezos moi baratos pero que carecen dos controis sanitarios e hixiénicos que temos que pasar outros establecementos. Se no meu caso chegase unha inspección de Sanidade eu estou obrigada a ter o correspondente esmalte coa súa ficha técnica. Que ocorre, que ás veces a xente prefire non gastar moito nun simple esmalte e pintar as uñas co que sexa, en vez de preocuparse pola saúde das súas mans e das uñas.

Por exemplo, se unha persoa acode a un profesional para que lle retire en condicións e con todas as garantías a manicura semipermanente, a persoa non ten porque sufrir ningún dano. Non obstante, tema aparte é o esmalte en si, que ao conter acrilatos pode producir reaccións alérxicas tanto nas profesionais que os empregamos como nas clientas que os usan.

Onde radica o problema entón? En que todos os esmaltes semipermanentes normais, de xel e acrílico incorporan acrilatos, podendo provocar polo tanto reaccións alérxicas ao abusar deste tipo de esmaltes.

Como profesional do sector, a nosa reivindicación vai en relación á prohibición dos acrilatos nos esmaltes, así como á mellora na calidade dos mesmos.

Á parte disto, hai unha serie de consellos que todas aquelas persoas que fan e facemos uso das manicuras semipermanentes ou permanentes deberiamos seguir. O primeiro é acudir sempre a unha profesional e facerlle caso ás súas recomendacións pois, por exemplo, non é aconsellable facer hoxe unha semipermanente e quitala dentro de sete días. E por suposto o que si hai que facer é retirala ben e en condicións. Cando se quita unha semipermanente non debemos rascala cos dentes nin con ningún obxecto, pois o único que conseguiremos así é estragar as uñas.

Xa por último, o mellor que poden facer os usuarios é sempre informarse. Ante calquera dúbida, infórmense e pregunten sen medo ao profesional que teñan en fronte, porque cada esmalte ten a súa ficha técnica e os profesionais estamos obrigados a tela, e igual que lla amosamos a un inspector de Sanidade tamén lla podemos mostrar a un cliente.

Emma Sanmartín

O Cerne de hai 15 anos

Faite oír coa nosa voz

Cerne

Terra de Melide

A.S.E.T.E.M. Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Xaneiro de 2005. Nº 2. Distribución gratuíta.

Unha nova depuradora de augas saneará por fin o Río Furelos

A contaminación provocou a fuxida de turistas en anos anteriores

O Conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, asinaba coa alcaldesa o pasado día 29 de decembro un acordo de colaboración para instalar esta infraestructura na vila. A máis de dous millóns de euros ascende o importe total da instalación dunha depuradora adecuada e do saneamento das augas do río. Unha cantidade que será abonada, na súa totalidade, pola Consellería de Medio Ambiente. **Pax. 5**

O ansiado punto limpo provisional chega tamén á vila

Os empresarios de Melide xa teñen onde botar os residuos industriais e todo o lixo que non recollen os colectores da rúa.
O punto limpo provisional ubícase moi preto do antigo vertedoiro, como solución uxente antes da ampliación do polígono industrial, onde estará o punto limpo definitivo.
De momento, conta con varios colectores e cunha illa ecolóxica. **Páx. 5**

Agora só queda

Remata a fase de exposicion do PXOM de Toques

O equipo de goberno do Concello de Toques rexeitou as dúas mocións presentadas por PSOE e AIT para que se ampliara un mes máis o prazo de exposición do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
Segundo o alcalde, un mes é tempo suficiente se os veciños teñen interese en coñecelo. **Pax. 10**

O Concello de Santiso rexeita o cambio de trazado da A-54

O pleno de Santiso aceptou, con todos os votos a favor excepto o do PSOE, a moción do grupo Independentes de Santiso, pola cal, posiciónanse en contra do paso por Melide da autovía Santiago-Lugo, que evitaría o paso polo concello santisense. **Pax. 11**

O pasado mes de decembro Cerne cumpriu 15 anos e co obxectivo de conmemoralo e facer un percorrido polas novas máis importantes da patronal, de Melide e da comarca inauguramos esta pequena sección onde estamos a compartir as portadas de cada número. A seguinte: ***Xaneiro de 2005. Nº2***

Ano novo, problemas de vello

Velaí no titular o resumo da opinión que lles quero trasladar. É certo que botamos a andar un novo ano con todo o que iso supón de anovar proxectos e avaliar o feito no tempo que remata. Porén, é certo, tamén, que iniciamos un novo ano con vellos problemas sen resolver no referente á saúde do Furelos.

Digo isto porque no 2019 o noso río sufriu a meirande agresión. E, máis unha vez o lamento, o berro desesperado do Furelos, ecoou en cada unha das nosas conciencias. As medidas que se tomaron no 2019 logo da gravísima agresión, que no seu momento avaliamos como positivas aínda que advertíamos que eran insuficientes, viraron en provisionais. O 31 de decembro volvéronse repetir as verteduras. Os autores quixeron lembrarnos que son eles os que marcan os tempos. Que poden repetir ... repetir... e repetir unha e outra vez as agresións: sábense impunes. Que aquilo de que se foi capaz de parar as verteduras, era propaganda. Os feitos avalan esta opinión. Asemade a ausencia dunha política informativa clara, aberta e áxil pode ocasionar consecuencias económicas ás empresas que realizaron un esforzo para facer compatíbel o respecto ao medio ambiente e a súa actividade. E colateralmente aos seus traballadores.

E o Furelos vaise, escápasenos entre a ineficacia duns e a covardía? doutros... Urxe botarse a andar. Procurar o acordo entre as forzas políticas e os concellos ribeiraos. Lograr un amplo apoio social no que se apoiar para lograr nas distintas administracións os orzamentos precisos, aprobar un calendario de actuacións...

Se cadra os dirixentes políticos ao longo destes primeiros meses do 2020 son quen de atopar entre as carpetas nos caixóns a alternativa que se lles puxo enriba das súas mesas. Relena devagar. E vencen o seu sectarismo... Entón, seremos quen de botármonos a andar no camiño das solucións. **En ningures está escrito que o que non puido ser no 2019, non pode acontecer no 2020.** E dese xeito o Furelos será quen de seguir a cantarlle á ribeira. De se abrazar aos penedos. Aos arcos das pontes... E os paxaros reflectirse nas súas augas. E os nosos fillos e fillas amañecer na tosta... Calquera día dunha alborada calquera.

Xavier Pazo Blanco
Presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos

NURIA CARREIRA, MEIXELA CENTRO DE ESTÉTICA / TANIA ARIAS, DIETISTA - NUTRICIONISTA

“Cando che digan ‘dieta’, ‘adelgazar’ e ‘rápido’ o mellor que podes facer é escapar”

Comparten centro, comparten ideas, comparten consellos… e o máis importante, comparten obxectivo, que é o de mellorar a vida das persoas tanto por dentro como por fóra. Nuria Carreira (Meixela Centro de Estética), e Tania Arias (Dietista – Nutricionista) fan balance do seu traballo a piques de cumprir o segundo e o primeiro aniversario respectivamente coas portas abertas. Entre os seus servizos, en Meixela podemos atopar a Cápsula do tempo, INDIBA, deseño e depilación de cellas, Microblading, presoterapia, manicura, pedicura, hixienes faciais e de costas, chocolaterapias, hidratacións faciais e corporais, masaxes relaxantes, maquillaxes, lifting, eliminación de tatuaxes e micropigmentacións, láser, ceras, e masaxes drenantes e remodeladoras. En canto a dietética e nutrición, os servizos van dende a educación nutricional ata o tratamento nutricional en diferentes etapas da vida e en patoloxías, así como o tratamento dietético en sobrepeso e obesidade. Ademais, dispoñen de bonos regalo.

Tania Arias e Nuria Carreira no centro de estética Meixela que comparten en Melide (R/Rosaleda, 5 -Baixo)

- A pregunta é obrigatoria: vimos do Nadal, época de excesos… Por onde empezamos?

- Tania Arias (T.A.): Por coidarse antes, durante e despois das festas, porque a nivel nutricional as persoas sempre deixan para despois dos excesos vir á nutricionista. Iso si, o primeiro paso é que a persoa sexa consciente de que quere facer un cambio, que non é para un día, senón que ten que ser un cambio de hábitos a largo prazo, que é o que lle pasa a moita xente, que pensa que nunha semana xa vai a obter resultados tras un mes de Nadal cargado de excesos. Iso é imposible e inviable. Hai que ser constante e consciente de que un cambio de hábitos necesita de vontade. Eu o que aconsello son cambios pequeniños no estilo de vida, pero que permanezan no tempo; non grandes cambios que duren un ou dous días, senón cousas como beber máis auga ou comer máis froita.

- Nuria Carreira (N.C.): Eu aquí diría que espero que non se abandonasen durante o Nadal, porque creo que é o contrario, deberían coidarse máis por aquilo de que vas a saír e te vas a maquillar, vas a estar máis en público e gústache ter un mellor aspecto. E para aquelas persoas que ao mellor non tiñan unha rutina ou que a descoidaron un pouco, pois sempre digo que hai que empezar pouco a pouco, porque a pel ten efecto rebote. Se eu antes non me botaba nada e agora de golpe me vou poñer todo o que teño no baño, iso pódese traducir nun caos. Así que empezaría por ir a un centro, que me asesorasen un pouco e logo comezaría por unha hixiene, que é moi importante facerse mínimo unha ao ano. Logo xa, a partir de aí, comezaría por rescatar o que temos na casa, que sempre temos algún produto ao que botarlle a man, e despois se iso, ir introducindo algún novo produto. Pero insisto en non botarnos todo de golpe, pouco a pouco e sempre asesorados por unha persoa que saiba.

- E despois de comezar, que nos aconsellan para manter os hábitos no tempo?

- N.C.: Hai que pensar en que “é o meu momento”. Por exemplo, eu sempre digo que ao levantarse hai que lavar a cara con auga fría, porque se desconxestiona mellor, e hidratarse. Entón, ese é “o meu momento”. Interiorizar que é o meu minuto fronte ao espello; mírate e quérete un pouco máis. Ao final é un hábito como o de lavar os dentes. Trátase de empezar polos tres produtos máis básicos: emulsión limpadora, crema nutritiva e protección solar; unha protección solar por certo que nos protexa dos raios UVA, UVB e a poder ser tamén dos IRA. E iso si, non usar sempre as mesmas cremas ou produtos porque a pel necesita cambios. É como comer; non podemos comer sempre o mesmo.

- T.A.: No meu caso creo que a persoa que vén por aquí ten que vir concienciada de que vai a sufrir un cambio na súa vida a todos os niveis, e ten que pensar máis en coidarse e en prestarse atención a si mesmo. Hai que sacar tempo para un mesmo, pero sabendo que é difícil tres consellos básicos serían: saber o que comes (contabilizar, apuntar ou ser realmente consciente do que estás comendo), facer deporte e beber auga. O ideal xa sería traballar o aspecto emocional e psicolóxico xunto co nutricional e un adestrador persoal, pero son consciente de que iso é moi complicado. Non obstante, moitas veces o primeiro paso é cuestión de actitude.

- Cal é a petición máis habitual que lle fan en canto ao ámbito da nutrición?

- T.A.: Que queren adelgazar, que queren unha dieta cerrada e que queren os resultados xa. E iso non pode ser así porque o 90% do traballo deberíase facer na casa e o 10% restante aquí. Se ti non traballas unha parte importante na casa, aquí podemos axudarche un pouco, pero parte dos resultados dependen de ti, así que para comezar eu diríalle á xente que eviten por exemplo ir á compra con fame, que é o erro máis grave; que leven unha lista da compra e que vaian con tempo, e nada de comprar os famosos “por si acasos”, porque son cousas que teremos na casa e que acabaremos comendo nós mesmos.

- E no seu caso, en canto a estética que é o que máis lle piden?

- N.C.: Algo semellante. Queren que desaparezan as engurras ao momento, saír de aquí divinas no mesmo día e tamén sen realizar a parte correspondente na casa. É dicir, eu por exemplo teño moitas clientas que me din “ti aquí faime o que queiras pero para a casa non me mandes nada” (risas), e así non avanzamos como deberiamos.

- Cal é o tratamento estrela en Meixela?

- N.C.: Diría que o máis famoso é INDIBA, e tamén diría que é co que máis traballo. Consiste nunha radiofrecuencia; unha calor interna que axuda a xerar coláxeno e elastina. Ao xear iso conseguimos tonificar, reafirmar, osixenar, hidratar e tamén iluminar. E logo destacaría o traballo coas cellas. Son a única persoa da contorna que deseña as cellas, non só se trata de facer unha depilación, senón das medidas, o deseño, etc. Hai moita xente que comezou por iso e logo veu máis veces ao centro para probar cousas novas.

- E en nutrición, algún método estrela ou novidade?

- T.A.: Perda de peso e cambio de hábitos. Iso si, este ano vou a ter unha novidade que será o servizo “Voute acompañar a facer a compra”. Normalmente os pacientes que veñen aquí teñen moitísimas dúbidas sobre cales son os produtos saudables e cales non, vexo que é algo que está moi demandado, así que vou a sacar un bono que consistirá nunha especie de sesións onde primeiro organizaremos un planing coa lista da compra e despois acompañarei ao paciente ao supermercado a facer a compra. Por poñer un exemplo, é moi importante o tema do etiquetado, non debemos deixarnos levar pola publicidade enganosa, que o envase sexa de cor verde non quere dicir que o produto sexa saudable. Hai iogures que son anunciados como saudables por personaxes famosos cando en realidade unha unidade pode chegar a conter a cantidade diaria de azucre recomendada. Por iso creo que este novo servizo de acompañar a facer a compra pode ser algo novidoso que pode funcionar.

- Teremos novidades tamén en Meixela?

- N.C.: A miña novidade é que en breve seremos o único centro da contorna en dispoñer de láser diario. É dicir, nós mesmas imos a ter aquí a máquina láser, que ademais está sendo demandado por moita xente. Xa o tiñamos bastantes días, pero agora ímolo a traballar nós e a ofertalo todos os días. E logo tamén teño en proxecto a idea de impartir uns talleres sobre coidados da pel e maquillaxe, para asesorar un pouquiño neste ámbito.

- Dirían que nos coidamos máis ou menos que antes?

- N.C.: Máis, a verdade é que máis que antes. Eu teño unha porcentaxe elevada de xente de entre 18 e 60 anos, pero si que noto que hai outra porcentaxe de xente de 60 anos en diante que se está a coidar moito máis, que demandan bastante o tema de INDIBA. E tamén noto que os chicos se coidan moito máis.

- T.A.: Eu tamén diría o mesmo, sobre todo xente nova e persoas que non só veñen para perder peso, senón para comer ben e levar unha alimentación saudable.

- Como afectan nas súas áreas os *influencers* de hoxe en día?

- N.C.: É curioso, pero eu noto que hai xente de 30 e 40 anos que son quizais máis influenciables que a xente moza por esta moda das redes sociais, e non son conscientes do mal que o poden estar facendo, porque cada corpo é un mundo, e unha persoa que anuncia ou promove un produto ao mellor nin sequera o usa, e se o usa, ti non tes a mesma pel, nin o mesmo corpo, nin os mesmos hábitos.

- T.A.: A nivel nutricional é aínda moitísimo peor, porque polo xeral adoitan patrocinar marcas que ao final son infusións ou batidos que non van facer que adelgaces. Hai que pensar que unha *influencer* que está patrocinando iso sempre se coida moitísimo máis que o simple feito de beber unha infusión que anuncia. É como unha propaganda que fai moito dano; é máis, cando che digan “dieta, adelgazar, rápido”, escapa. Debemos ter en conta sempre que hai moitas persoas que traballan en redes sociais que teñen patrocinadores detrás.

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS

- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nºE-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK life is on *A Sonova brand*